

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE MAIO DE 2021

Ás 11:15 horas do día 18 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.
 2. CIVIS GLOBAL, S.L.U
 3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU
 4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)



5. UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
6. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
7. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
 2. AVAN INTEGRAL, S.L.
 3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 4. COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 5. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
 6. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 7. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
 8. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:23	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA644-C5DD28-3H3228-PYFDDY-A4VC7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
4. NAROM, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.
 2. CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
 3. CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA, S.A.
 4. EXCAVACIONES J. CARREIRA, S.L.
 5. GRANIOREGA, S.L.
 6. POSADA ORGANIZACIÓN, S.A.
 7. RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA SL

- b) Outorgar un prazo de tres días a DEMOLICIONES JAVIER ARES, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Dado que a solvencia técnica declarada no DEUC é insuficiente segundo as esixencias do apartado 5D do Anexo I -FEC- do PCAP, deberá presentar un novo DEUC no que declaren dispor da solvencia técnica esixida no PCAP. Para iso poden declarar máis contratos similares ao do obxecto do contrato de tal xeito que nun dos 5 últimos anos sumen un importe igual ou superior ao do prezo do contrato (138.899,65 euros) ou contestar afirmativamente á seguinte pregunta da parte IV "criterios de selección": "a: *Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos*".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:23	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA644-C5DD28-3H3228-PYFDDY-A4VC7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Conceder un prazo de 3 días á UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. para que poida emendar a proposición avaliable mediante xuízo de valor. A documentación presentada só está asinada polo representante de EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. pero non pola representante de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. En consecuencia, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. deberá presentar un escrito, asinado por persoa con poder de representación, no que indique que subscribe a proposición avaliable mediante xuízo de valor presentada pola citada UTE o 12 de maio de 2021 neste procedemento.
- Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor, unha vez emendada a documentación da UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para poder emendar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:23	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA644-C5DD28-3H3228-PYFDDY-A4VC7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - (MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL) 18/05/2021 14:14:37 | INTERVENTORA ADXUNTA - (OLGA GÓMEZ CORBAL) 18/05/2021 14:49:12 | SECRETARÍA DE ADMÓN. MUNICIPAL - (SUSANA GALLARDO FARINA) 18/05/2021 15:07:09 | TÉCNICA DE XESTIÓN - (RUTH MARIA GALLEGO SANTOS) 19/05/2021 08:35:40 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL - (ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ) 19/05/2021 09:27:16 | CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVINO) 19/05/2021 09:51:22

Documento asinado

5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:23	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA644-C5DD28-3H3228-PYFDDY-A4VC7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		